



**BASES DA CONVOCATORIA DO VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “O
PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS
DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES” ANO 2025**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación de Lugo é a entidade responsable da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante Os Ancares Lucenses), declaradas pola UNESCO ao abeiro do Programa MaB, nos anos 2002 e 2006, respectivamente.

Ambas Reservas da Biosfera contan cos seus respectivos órganos de xestión, sen personalidade xurídica propia, integrados na Deputación de Lugo, conformados cada un deles por un Órgano Reitor e un Órgano de Participación.

Por outra banda, as dúas Reservas da Biosfera contan cos seus propios Plans de Xestión (2024–2034), informados favorablemente polos respectivos Órganos de Participación e aprobados polos Órganos Reitores nas reunións celebradas o 18.06.2024 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) e o 19.06.2024 (no caso da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Os plans de xestión das dúas Reservas da Biosfera definen para cada territorio un novo modelo de desenvolvemento que harmoniza os diversos sectores de actividades socioeconómicas co desenvolvemento das poboacións locais e a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, integrándose co resto de políticas sectoriais.

A Reserva da Biosfera Terras do Miño, con 363.669 ha de extensión, queda delimitada na súa maior parte pola cunca alta do río Miño e inclúe territorios de 26 municipios da provincia de Lugo: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourense, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.

A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, sitúase na zona oriental da provincia de Lugo e ocupa unha superficie de 53.664 ha, incluíndo territorios de 3 municipios: Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá.

As Reservas da Biosfera son territorios que se establecen sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único, nas que a integración da poboación humana e as actividades de conservación son esenciais, sendo o seu principal obxectivo conciliar a

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	1/21





conservación da diversidade biolóxica e cultural co desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

De feito, costumes, tradicións e o desenvolvemento de calquera actividade, incluídas as económicas e produtivas, dunha forma harmónica coa conservación dos recursos naturais e do medio ambiente ao longo do tempo, son elementos de suma importancia na modificación do territorio e na configuración da paisaxe.

Este conxunto de bens, tanto materiais como inmateriais, que representan ou describen a cultura popular, representativas dun pobo, comunidade ou rexión, que constitúen un ben de interese común e simbolizan a tradición, é coñecido como patrimonio etnográfico.

A Reserva da Biosfera Terras do Miño e a Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, son dous grandes exemplos de territorios cun gran patrimonio etnográfico material ligado ao saber tradicional vencellado cos sistemas de aproveitamento sostible dos recursos naturais. Hórreos, muíños, aceas, lavadoiros, fontes, pontellas, cortíns, pallozas e outras construcións tradicionais (entre outros bens), constitúen a pegada dos nosos devanceiros e o seu bo facer á hora de aproveitar os recursos dun xeito sostible sen comprometer á súa persistencia ou esgotamento.

Por todo anterior, e como vén sendo costume dende fai varios anos, dende a Deputación de Lugo convócase este VIII Concurso de Fotografía, que terá como título e fío condutor para o ano 2025: “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses”. Con esta temática preténdese poñer en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio etnográfico material representativo do aproveitamento sostible dos recursos naturais destas Reservas da Biosfera, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable ao VIII Concurso de Fotografía, que terá como fío condutor nesta edición do 2025 o “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses”, coa finalidade de poñer en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio etnográfico material representativo do aproveitamento sostible dos recursos naturais destas Reservas da Biosfera.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	2/21





Réxime da convocatoria

Os premios do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025, articularanse na modalidade premios (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, encadrada dentro do sector económico das actividades recreativas e de entretemento (código sector económico 93.2) cunha finalidade de promoción ambiental (código finalidade 18), con previsión dun impacto nulo en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes (código do impacto de xénero 2), segundo se recolle no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (PLAN PLURIANUAL 2023–2025), Área de Medio Ambiente na súa liña 10 (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de vinte de xaneiro de 2023).

De acordo co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, na liña 10.1 Medio Ambiente, búscase promover entre outros obxectivos específicos:

1) Impulsar a realización de actividades medio ambientais que contribúan a conseguir un equilibrio adecuado para o desenvolvemento económico, o crecemento da poboación, o uso racional dos recursos e para a protección e conservación do ambiente.

2) Fomentar a realización de actividades sostible, e dicir, actividades que se podan manter e que sexan capaces de satisfacer as necesidades actuais, sen comprometer os recursos e posibilidades existentes para as xeracións futuras.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (BOP núm. 09, 11-01-2024) na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/2024-03/ORDENANZA%20GENERAL%20DE%20SUBVENCIONES%20_0.pdf

SEGUNDA.- DESTINATARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas maiores de idade que estean interesadas, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

A. REQUISITOS PERSOAIS

- Ser maior de idade, de nacionalidade española ou residente legal en España.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	3/21	



- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial, asinando a declaración responsable contida no Anexo I desta convocatoria.
- Os establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e aplicables no presente caso.
- Non poderán participar neste VIII Concurso os beneficiarios dos tres premios da edición anterior.
- A persoa que presente unha fotografía ao Concurso deberá ser o autor da mesma.

B. REQUISITOS DAS FOTOGRAFÍAS PRESENTADAS

- As fotografías presentadas ao Concurso deben terse tomado nos territorios das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, tendo como temática o patrimonio etnográfico material destas dúas Reservas da Biosfera.

Neste particular cómpre aclarar que a temática “Patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” inclúe, entre outros bens, hórreos, muíños, aceas, lavadoiros, fontes, pontellas, cortíns, pallozas e outras construcións tradicionais, que constitúen a pegada dos nosos devanceiros e o seu bo facer á hora de aproveitar os recursos dun xeito sostible sen comprometer á súa persistencia ou esgotamento.

O territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño pode consultarse no visor da páxina web:

<https://terrasdomino.deputacionlugo.org/terrasdomino/>

O territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses pode consultarse no visor da páxina web:

<https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/ancares-lucenses/>

- As obras deben ser inéditas e non poden ter sido premiadas con anterioridade.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	4/21	



- Deberase presentar unha única fotografía por solicitante, quedando excluídas do presente procedemento aquelas persoas que presentasen mais dunha fotografía ao concurso, ben nunha mesma solicitude ou en varias.
- A fotografía poderá ser realizada en branco e negro ou en cor e terase que presentar do seguinte xeito:
 - Entregarase un CD-ROM ou unha memoria USB coa imaxe en formato TIFF, modo de cor RGB. O arquivo terá un tamaño mínimo de 15 Mb. No mesmo CD-ROM ou memoria USB deberá existir unha copia da fotografía cun tamaño aproximado de 1,2 Mb comprimidas co formato JPEG (.jpg) en modo de cor RGB.
 - Entregarase unha copia da fotografía en papel fotográfico cun tamaño de 24x30 cm, ocupando a imaxe a totalidade do papel sen montar, sen enmarcar e sen *passe – partout*, especificando claramente na parte traseira da fotografía o título ou lema, non podendo figurar nome, sinatura ou calquera outra identificación do participante.
- As fotografías que non cumpran estes requisitos, serán excluídas do procedemento.

TERCEIRA.- PREMIOS E CONTÍAS

Establécense tres premios económicos dotados coas seguintes contías:

- 1º premio: 800 Euros.
- 2º premio: 500 Euros.
- 3º premio: 300 Euros.

CUARTA.- ORZAMENTO

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 1.600,00 € (mil seiscientos euros). Os presentes premios teñen cabida na aplicación orzamentaria 1720.481 do ano 2025 (Protección e Mellora do Medio Ambiente, premios, becas e pens. estudio e invest.), segundo se recolle no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (PLAN PLURIANUAL 2023–2025), Área de Medio Ambiente na súa liña 10 (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 20 de xaneiro de 2023).

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	5/21





QUINTA.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. Tendo en conta o artigo 16 “Rexistros” da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, considérase obrigatoria a presentación das fotografías en formato papel, como un soporte específico non susceptible de dixitalización, para a correcta valoración das obras presentadas.

As solicitudes dirixiranse ao Presidente e, xunto coas fotografías, presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo, Praza San Marcos, 8 (27001 – Lugo) ou se remitirán por correo postal certificado, ademais do resto de opcións recollidas conforme ao establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, a:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Rexistro Xeral

“CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES”

Praza San Marcos nº 8, 27001–LUGO

No caso de presentar a solicitude de participación nun rexistro distinto ao da Deputación Provincial de Lugo, deberá remitirse na mesma data da presentación un correo electrónico ao enderezo und.medioambiente@deputacionlugo.org no que se achegue o xustificante da presentación da solicitude no rexistro correspondente.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses naturais, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP de Lugo do extracto da presente convocatoria e bases.

3. A documentación a presentar é a seguinte:

- O Anexo I “Solicitude de participación” debidamente cumprimentado e asinado (está dispoñible na páxina web da Deputación de Lugo).

O Anexo I inclúe os datos persoais (nome e apelidos do autor/a, data de nacemento, enderezo, teléfono, correo electrónico), así como o título da obra e o lugar onde se realizou, así como a declaración responsable na que se recolle expresamente que é autor do traballo presentado e que o mesmo é inédito, así como o consentimento expreso para que a Excm. Deputación Provincial de Lugo poida publicar e expor o traballo presentado e, por último, o

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	6/21





cumprimento dos requisitos legais para poder ser beneficiario dalgún dos premios do concurso fotográfico e poder percibir o premio correspondente.

- Copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.
- Un sobre pechado rotulado no exterior coa frase "CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES" e o lema ou título da fotografía, sen outras identificacións persoais, no que se incluírá a fotografía en papel e no soporte dixital (CD-ROM ou memoria USB).

A fotografía para concurso será presentada sen montar, sen enmarcar e sen *passe - partout*, e poderá ser realizada en branco e negro ou en cor. A fotografía terase que presentar do seguinte xeito:

- Entregarase un CD-ROM ou unha memoria USB coa imaxe en formato TIFF, modo de cor RGB. O arquivo terá un tamaño mínimo de 15 Mb. No mesmo CD-ROM ou memoria USB deberá existir unha copia da fotografía cun tamaño aproximado de 1,2 Mb comprimidas co formato JPEG (.jpg) en modo de cor RGB.
- Será necesario acompañar unha copia da fotografía en papel fotográfico cun tamaño de 24x30 cm, ocupando a imaxe a totalidade do papel sen ningún tipo de marco, especificando claramente na parte traseira da fotografía o título ou lema, non podendo figurar nome, sinatura ou calquera outra identificación do participante.
- Documento bancario. Documento emitido pola entidade bancaria no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente premio e no que necesariamente figurará o solicitante como titular. O aboamento do premio será efectuado mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo/a solicitante.

4. O concurso publicárase na páxina web da Deputación Provincial, onde se atopará toda a información para a participación no concurso, bases, modelos e documentos necesarios.

5. A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	7/21



**SEXTA.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO**

1. Todas as solicitudes de participación xunto coa documentación requirida nestas bases, serán custodiadas pola **Unidade de Rexistro**.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, toda a documentación será remitida pola Unidade de Rexistro da Deputación Provincial de Lugo ao **Servizo de Medio Ambiente**, que será o encargado da recepción da documentación e de garantir o seu anonimato, así como de instruír e tramitar os respectivos expedientes.

3. O **Servizo de Medio Ambiente** revisará a documentación administrativa presentada polo participante (Anexo I, copia do DNI ou documento equivalente e documento bancario), sen abrir o sobre pechado no que se inclúe a fotografía en formato papel e dixital, ao non considerarse emendable a documentación incluída neste sobre no caso de que non cumpra os requisitos establecidos nas bases.

No caso de que no exterior do sobre pechado figure o nome, sinatura ou calquera outra identificación do participante, a solicitude será excluída do procedemento, por non poder garantir o anonimato da valoración da fotografía.

Se a documentación da solicitude (excluído o sobre pechado que inclúa a fotografía) non reunise os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante de forma individual para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 68.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, con indicación de que, se así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A información persoal facilitada na solicitude de participación non será trasladada aos membros da Comisión Avaliadora, de xeito que estes só coñecerán o título ou lema da fotografía como identificación de cada obra, á hora da súa valoración.

4. Unha vez revisada a documentación administrativa polo Servizo de Medio Ambiente, este entregará á **Comisión Avaliadora** os sobres pechados relativos ás solicitudes que teñan completa a documentación administrativa.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	8/21





SÉTIMA.- COMISIÓN AVALIADORA

1. Constituirase unha **Comisión Avaliadora** que se encargará da valoración das fotografías presentadas conforme aos criterios de avaliación establecidos nas presentes bases, e formulará unha proposta á Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo a través do órgano instructor. A composición e réxime de funcionamento da devandita Comisión axustarase ao establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015 respecto dos órganos colexiados e será designada por resolución da Presidencia da Deputación Provincial, contando, cando menos, cun técnico do Servizo de Medio Ambiente, un técnico do Servizo de Audiovisuais e un técnico do órgano xestor das Reservas da Biosfera. Ademais convidarase ao gañador da edición anterior a formar parte de dita Comisión, actuando en calidade de asesor, con voz pero sen voto.

2. A Comisión Avaliadora reunirse e procederá a abrir os sobres pechados entregados polo Servizo de Medio Ambiente, levantando a correspondente acta.

3. En primeiro lugar, revisará o contido de cada sobre pechado, determinando se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos na presente convocatoria relativos á fotografía en papel e en formato dixital, considerados como requisitos non emendables. Do mesmo xeito, excluíranse do procedemento aos solicitantes que presentasen mais dunha fotografía no interior do sobre pechado.

4. Posteriormente, a Comisión Avaliadora procederá a establecer unha prelación entre as solicitudes admitidas, de acordo cos criterios de valoración establecidos, por orde de puntuación obtida, e coa contía do premio que corresponda a cada un dos beneficiarios, ata o límite do orzamento.

5. O concurso non poderá declararse deserto, agás no caso de que non se presenten candidatos ou os presentados non reúnan os requisitos esixidos nas bases reitoras da convocatoria.

OITAVA.- CRITERIOS PARA O OUTORGAMENTO DOS PREMIOS

Os criterios a valorar serán: a composición, a orixinalidade e a calidade estética da imaxe, tendo en conta que a valoración numérica sobre 10 de ditos criterios é a seguinte:

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	9/21	



- Composición: 3
- Orixinalidade: 4
- Calidade estética: 3

Coa seguinte valoración de cada apartado:

1.- Composición: A composición fotográfica defínese como o acto de atopar un punto de vista que sitúa todos os elementos nunha posición visualmente atractiva para o espectador. Ao compoñer unha imaxe, estrutúranse os elementos coa finalidade de lograr impactar a través da transmisión dunha mensaxe visual. Algúns elementos cos que se pode xogar na composición son:

- A atracción da atención cara ao centro de interese, o motivo da imaxe.
- A textura e sensacións de tacto que pode evocar a imaxe.
- A forma e o volume dos obxectos, así como a sensación de profundidade destes na escena.
- O contraste como elemento de atracción e resalte: contraste no ton, o tema, os motivos, etc.

Para traballar estes elementos, para modelar e transmitir mensaxes nesta linguaxe visual, o fotógrafo ten á súa disposición múltiples ferramentas:

- Encadre do motivo e a súa contorna.
- Localización dos obxectos dentro do encadre.
- Enfoque total ou selectivo.
- Perspectiva e ángulo de toma.
- Iluminación da escena.

Con todo o exposto, a valoración deste apartado realizarase do seguinte xeito:

- Cando se considere que a composición é errónea ou non recolla unha boa execución do recollido anteriormente, outorgaranse cero (0) puntos.
- Cando a composición sexa simplemente correcta sen sobresaír en ningún dos ítems anteriormente mencionados, outorgarase un (1) punto.
- Cando a composición resulte notable, outorgaranse dous (2) puntos.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	10/21	



- Cando a composición sobresaía na obra e teña un carácter sobresaínte en relación ao resto de imaxes ou polo seu contido, outorgaranse tres (3) puntos.

2.- Orixinalidade: É a calidade das obras creadas ou inventadas que as fai ser novas, e que as distingue das copias, as falsificacións, os plaxios ou as obras derivadas. Unha obra orixinal nin deriva doutras obras nin é unha copia realizada sobre outra, que sería a súa orixe, marcando que se compón dunha forma, como este. Unha idea orixinal é a que non se concibiu con anterioridade por ninguén. Orixinal é unha forma de denominar a unha obra de arte, tanto se é unha obra dalgunha das artes plásticas (as únicas que consisten nun obxecto material) coma se é unha obra musical ou unha obra literaria (que non consisten nun obxecto material, senón nunha secuencia de sons ou palabras, polo que o termo orixinal úsase para designar ao primeiro soporte enviado polo autor ao editor, no momento en que a obra está terminada pero aínda é inédita, como unha partitura ou un manuscrito, incluso un caso mixto entre as artes plásticas e as literarias, como son os orixinais de cómic); pero tamén a un negativo fotográfico, ou a unha gravación mecánica de son ou imaxe en calquera tipo de soporte que sexa imposible de copiar con plena integridade. Tal circunstancia fai necesaria a preservación do orixinal para preservar a súa integridade.

Ante o anteriormente exposto, valorarase a orixinalidade do seguinte xeito:

- Cando a obra non conteña ningún elemento de orixinalidade ou constituía unha copia de obras similares ou coñecidas, outorgaranse cero (0) puntos.
- Cando a obra teña unha orixinalidade suficiente, pero non destacable ou se asemelle demasiado a outras obras dentro do mesmo concurso ou con sona suficiente para ser recoñecidas, outorgaranse 1,33 puntos.
- Cando a obra teña unha orixinalidade, a criterio da comisión avaliadora, notable e quede demostrado que non recorda a ningunha obra dentro do mesmo concurso ou algunha de grande sona, outorgaranse 2,5 puntos.
- Cando a obra teña unha orixinalidade, a criterio da comisión avaliadora, sobresaínte e quede demostrado que é unha peza única tanto en relación ao resto de obras do concurso como na súa temática, outorgaranse catro (4) puntos.

3.- Calidade estética: No caso das imaxes, este concepto debe mesturar calidade técnica e estética da fotografía, polo que valorarase do seguinte xeito:

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	11/21





- Cando a obra teña un bo encadre, bo enfoque, luminosidade suficiente, axustados ao que a fotografía pretende expresar; ou ausencia de encadre e enfoque, pero con finalidade estética ou expresiva, outorgaranse tres (3) puntos.
- Cando a obra ten: partes desenfocadas, esta é escura ou o encadre non é todo o bo que debe; ou non se axusta á idea que se pretende expresar, outorgaranse 1,5 puntos.
- Cando a obra está desenfocada, con mala luminosidade (escura ou queimada) e con mal encadre, outorgaranse cero (0) puntos.

NOVENA.- ACORDO DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓN

- **Acordo de concesión provisional:**

1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Avaliación, efectuará a proposta de concesión provisional, previa fiscalización, debidamente motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, para a presentación de alegacións.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP de Lugo e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	12/21	



- **Acordo de concesión definitiva:**

1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de concesión definitiva, previa fiscalización, na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

De acordo ao previsto no artigo 22 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Lugo, no caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial a renuncia á referida concesión, no prazo máximo de cinco días hábiles a partir da publicación do anuncio ou do acordo de concesión definitiva no BOP, entenderase que aceptan o premio.

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo citado acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	13/21





3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder dos seis meses. O prazo computarase a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.

4. Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido o devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigaón de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3. b) da Lei 39/2015.

DÉCIMA.- PAGAMENTO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo Deputado delegado da Área de Medio Ambiente, e tras un informe do xefe do Servizo de Medio Ambiente, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes na base quinta das Bases e achegar copia da documentación contida na referida base quinta (Anexo I “Solicitude de participación”, copia do DNI e documento bancario) ao Servizo de Intervención.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta do premio concedido.

Procederase a respectiva retención de IRPF de cada un dos premios concedidos, segundo a normativa vixente.

UNDÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

Os beneficiarios/as dos premios están obrigados a:

- Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidos premios.
- Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	14/21	



DUODÉCIMA.- DEREITOS DE AUTOR

As fotografías presentadas ao concurso deberán ser inéditas e realizadas polo participante. Este será o único titular dos dereitos de autor fronte a terceiras persoas. Ademais, os concursantes responsabilizaranse dos consentimentos e permisos necesarios para usar as imaxes obtidas.

Os autores das obras premiadas cederán a favor da Deputación Provincial de Lugo todos os dereitos patrimoniais destas, en especial os dereitos de exposición, publicación e calquera outros relacionados coa difusión, citando sempre o nome do autor. Estes dereitos estenderanse a un período total de trinta anos.

O pago destes dereitos entenderase comprendido na dotación económica dos premios do certame.

Os autores poderán empregar os traballos premiados co consentimento expreso da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá publicar ou expor os traballos premiados e non premiados que se consideren de calidade, tanto fisicamente como on-line.

En ningún caso se devolverán as fotografías aos participantes no concurso.

DÉCIMO TERCEIRA.- RENUNCIA, REVISIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES

Os premios concedidos deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelos falseando as condicións requiridas.
- Por incumplir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

A renuncia ao premio poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De se acreditar as circunstancias indicadas ou de se producir a renuncia, dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende a data do pagamento do premio ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	15/21





a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 36 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

DÉCIMO CUARTA.- PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA E MODIFICACIÓN DAS BASES

A vixencia da bases comezará no momento da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, e manterá a súa vixencia ata o aboamento dos premios que salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobados na data límite do 31 de decembro de 2025.

As presentes bases poden ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno sempre que as mesmas estean vixentes.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	16/21	



DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e con carácter supletorio, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 29/1999, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa; o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP nº 9 do 11 de xaneiro de 2024; o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de Execución do Orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria.

DÉCIMO SÉTIMA.- RÉXIME DE RECURSOS

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	17/21	



DÉCIMO OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente proceso de concesión dos premios deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

En Lugo, na hora e data da sinatura dixital

A xefa da Sección I de Medio Ambiente
Andrea Macho Benito

O xefe do Servizo de Medio Ambiente
Luis J. Fernández Reija

CONFORME,
O deputado delegado da Área de Medio Ambiente
Carlos López López

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	18/21	



DEPUTACIÓN DE LUGO



ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES” ANO 2025

DATOS DO PARTICIPANTE	
NOME E APELIDOS:	NIF:
ENDEREZO:	CP:
LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	E-MAIL:

EXPOÑO:

Que presento unha obra para participar no VIII Concurso de Fotografía “O Patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025.

A fotografía (en papel e en formato dixital) preséntase nun sobre pechado identificado no exterior coa frase “CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES - Ano 2025” e o lema ou título da fotografía, sen outras identificacións persoais.

Que achego xunto coa presente solicitude, a copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa e o documento bancario.

SOLICITO :

Que sexa admitida no rexistro e incluída no VIII Concurso de Fotografía “O Patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025.

Polo que, **DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

1. Que o traballo titulado _____ presentado ao VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES” Ano 2025, é da miña autoría e non foi publicado previamente, e que foi realizado na Reserva da Biosfera _____, no lugar de _____, municipio de _____ (pódese indicar as coordenadas xeográficas _____, etc.).
2. Do mesmo xeito, declaro que a fotografía é orixinal. Afirmo, así mesmo, que os materiais presentados non se encontran protexidos por dereitos de autor; e no caso de que así fose, eu asumiría a responsabilidade de calquera litixio ou reclamacións relacionadas coa violación de dereitos da propiedade intelectual, exonerando de toda responsabilidade á Deputación Provincial de Lugo.
3. Autorizo á Deputación Provincial de Lugo a reproducilo, editalo, distribuílo, exhibilo e comunicalo no país e no estranxeiro, por medios impresos, electrónicos, Internet ou calquera outro medio.
4. Que cumpro cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38 /2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario/a.
5. Que me atopo na situación que fundamenta a concesión do premio ou na que concorren as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.
6. Que non son debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	19/21





7. Que estou ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.

Esta declaración responsable emítese segundo o establecido no artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declarándose expresamente que, o solicitante cumpre o indicado, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou o exercicio do dereito ao cobro da subvención.

(...) **AUTORIZO** á Deputación Provincial de Lugo para que solicite, se é o caso, os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.

(...) **NON AUTORIZO** á Deputación Provincial de Lugo para que solicite, se é o caso, os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.

PROTECCIÓN DE DATOS

(...) **SI, AUTORIZO E CONSINTO** a que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

(...) **NON, NIN AUTORIZO NIN CONSINTO** a que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, xeral de protección de datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal e Xestión dos Dereitos Dixitais, a continuación pode consultar o rexistro de actividades de tratamento.

ENTIDADE RESPONSABLE	Deputación de Lugo
ROL	Responsable do Tratamento
SERVIZO RESPONSABLE	Medio Ambiente
FINALIDADE	Xestión das subvencións baixo a responsabilidade da Deputación de Lugo
INTERESADOS	Persoas físicas ou xurídicas
CATEGORÍAS DE DATOS	Nome Apelidos D.N.I Dirección postal Correo electrónico Sinatura Certificado de conta bancaria
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
DESTINATARIOS DE COMUNICACIÓN	Outras administracións As requiridas pola lei e a normativa de aplicación para a correcta tramitación do expediente

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54		Página	



DEPUTACIÓN DE LUGO



TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS	Non previstas
PRAZO SUPRESIÓN	Os datos se conservarán durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación
MEDIDAS DE SEGURIDADE	Medidas técnicas e organizativas previstas polo Esquema Nacional de Seguridade

Pode consultar información detallada sobre o tratamento dos datos na [web da Deputación de Lugo](#)

Sinatura,

O interesado

SR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO

	IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Fecha y Hora	31/10/2024 13:17:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VU7YJPQPY7VBM5VXEMU7G54	Página	21/21	